

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 26 DE MARZO DE 2012. Nº 04/2012.**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**

D. JOSÉ CRESPO IGLESIAS (P.P.)

**CONCELLEIROS:**

D. ROMÁN RODRÍGUEZ GONZÁLEZ (P.P.)

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. PILAR LÓPEZ CARRÓN. (P.P.)

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO. (P.P.)

D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO (P.P.)

D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.(P.P.)

D. MANUEL GÓMEZ ESTÉVEZ. (P.P.)

D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (P.P.)

D. JOSÉ DOMÍNGUEZ CABALLERO. (P.P.)

D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (P.P.)

D<sup>a</sup> MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (P.P.)

D<sup>a</sup>. SARA FERNÁNDEZ ARCA. (P.P.)

D<sup>a</sup>. MARÍA ALVAREZ PAZ. (P.P.)

D. MANUEL MARÍA GONZÁLEZ ALLER. (PSdeG-PSOE)

D. JOSE ARMANDO CRISTÓBAL FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE)

D. FRANCISCO PÉREZ DONSIÓN. (PSdeG-PSOE)

D<sup>a</sup> BEATRIZ GARCÍA IGLESIAS. (PSdeG-PSOE)

D. XESÚS CORDEIRO BUDIÑO. (BNG)

D. JOSÉ LUÍS SUCASAS FERNÁNDEZ. (BNG)

D. CAMILO CONDE LÓPEZ. (PGD)

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**AUSENTES:**

*D<sup>a</sup> María Eva González Brea.*

## **INDICE:**

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.....	páx. 3
2.- Decretos da Alcaldía: Dación de conta.....	páx. 3
3.- Expediente de declaración de indispoñibilidade de créditos do orzamento para 2012.....	páx. 6
4.- Expediente de modificación de créditos nº 3-P/2012.....	páx. 8
5.-Moción do Grupo de Goberno de honras e distincións.....	páx.10
6.- Moción do PSdeG-PSOE.	
6.1.- Moción do PSdeG-PSOE sobre programación e actividades do ano 2012 como o ano dedicado a Celso Emilio Ferreiro.....	páx.10
7.- Mocións do BNG.	
7.1.- Moción do BNG propoñendo o rexeitamento da reforma laboral aprobada polo Goberno Central.....	páx. 11
7.2.- Moción do BNG recabando o apoio da corporación á Folga Xeral convocada para o día 29 de marzo de 2012 contra a reforma laboral.....	páx. 14
8.- Rogos e preguntas.....	páx. 15

=====

Sendo as dez horas do día 26 de marzo de 2012, luns, xuntáronse no salón de actos do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente titular, *D. Xosé Crespo Iglesias*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión ordinaria convocada para este día e hora.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*, tamén asiste a interventora *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

Non asiste *D<sup>a</sup> María Eva González Brea*.

De orde do Sr. Presidente e seguindo as súas instrucións entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Deuse conta pola **Presidencia** do borrador da acta da sesión ordinaria do Concello Pleno do día 27 de febreiro de 2012. De seguido, o Sr. Presidente preguntoulle aos asistentes se tiñan algunha observación que faceren á mesma.

**D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez** indicou que na páxina 15 na súa intervención, punto 6.1. da orde do día debía constar que os veciños tiñan que custear o servizo de augas, pero non conectar o dito servizo como aparecía no borrador da acta.

Do mesmo xeito pediu que nesa páxina e na seguinte houbo unhas preguntas dunha das áreas de reparto que se leron por *D. Francisco Pérez Donsión*, e non por el como constaba na acta.

O *Sr. Secretario* admitiu o erro no primeiro punto; sobre o segundo indicou que el puxo as preguntas a nome de quen as asinaba no escrito, pero afirmou que non había problema en poñer ao edil que as leou.

Con estas correccións por **UNANIMIDADE** dos asistentes acordouse aprobar a dita acta e estas correccións correspondente á sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2012, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

### **2.- DECRETOS DA ALCALDÍA: DACIÓN DE CONTA.-**

### **3.- EXPEDIENTE DE DECLARACIÓN DE INDISPOÑIBILIDADE DE CRÉDITOS PARA O PRESUPUESTO DO EJERCICIO 2012.**

Deuse conta pola Presidencia deste expediente que inclúe a proposta da Alcaldía así como o informe da Intervención Municipal. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 22 de marzo de 2012.

Co fin de explicar o obxecto do expediente o edil delegado de facenda, **D. Manuel Gómez Estévez** indicou que este feito xa se adiantou co debate dos orzamentos. Díxose daquela que había unhas previsións de ingresos pola venda de parcelas. Agora este punto incluía esa parte que non se ingresou para declárala indispoñible. No punto seguinte desta orde do día tratábase o

expediente de modificación de créditos no que se prevé financiar as partidas de gastos afectadas por eses ingresos non realizados con cargo ao remanente de tesourería.

Desde o grupo socialista, **D. Manuel María González Aller** dixo que os dous puntos da orde do día da sesión, tanto este coma o seguinte, estaban interrelacionados. Sinalou que votarían negativamente os dous puntos. Isto era algo que xa se anticipou co gallo do debate dos orzamentos, destacando que eses ingresos previstos pola venda de parcelas non era cribles; en cambio as obras ás que ían destinadas si que eran necesarias. O resultado de todo isto viámolo agora, xa que non se ían recadar eses catrocentos mil euros. Preguntouse por qué non se meteu entón esta previsión nos orzamentos.

Polo BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** tamén indicou que no seu día co gallo do debate dos orzamentos indicaron que non estaban calculados os ingresos e os gastos correctamente, e dous meses despois se falaba de non facer obras, de non recadar. Indicou que a el lle parecía unha maneira malintencionada de utilizar os ingresos e os gastos para presentar uns orzamentos e todo isto traducíase nun funcionamento anormal. Absteríanse.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** sinalou que os gastos e as obras había que facelas; non obstante discrepaba da forma de tramitar o goberno estes expedientes, e por isto se abstería.

Na segunda quenda de intervencións, **D. Manuel Gómez Estévez** sinalou que discrepaba das verbas dos voceiros da oposición. Lembrou que no debate dos orzamentos xa se falou que non se podían utilizar os remanentes de tesourería porque a liquidación do exercicio anterior non estaba feita nin aprobada; daquela só quedaba ou ben inflar os ingresos ou ben acudir a préstamos, endebedando ó Concello. Coidaba que o procedemento foi o axeitado, non foi ilegal, e soamente había esas dúas opcións. Agora diante da necesidade de acometer estas obras, xa tramitados os oportunos expedientes, acudése a realizar estes gastos con cargo ao remanente de tesourería municipal.

De novo, **D. Manuel María González Aller** ratificouse no xa dito, de votar en contra destes expedientes, indicando que non se debeu actuar como o fixo o goberno municipal, metendo nos orzamentos unhas partidas irreais de ingresos que non se ían percibir, e inflando o orzamento.

Pola súa banda o Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias** en resposta á intervención do edil socialista indicou que o Concello tivo varias ofertas para comprar os solares, pero ámbalas dúas “non cuajaron”. Por exemplo referiuse ao solar do antigo colexio M. Rivero que se puido vender pola metade do seu prezo; o mesmo pasou cos outros catorce solares municipais: podían venderse, pero non ao seu prezo. Coidaba que agora non era o momento oportuno, porque logo valerían máis cartos. As ofertas foron ridículas.

Finalizou a súa intervención o edil socialista, **D. Manuel González Aller** reiterando que os orzamentos supeditaron estas obras a ingresos ficticios que non se ían producir, e que daquela se deberon financiar con outros ingresos, algo que no se fixo. Agora cambiase o método.

Sometido a votación ordinaria o expediente a man alzada , obtívose o seguinte resultado:

**Votos a favor:** 13 (trece) dos concelleiros do PP.

**Votos en contra:** catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE.

**Abstencións:** tres (3), das cales dúas foron dos concelleiros do BNG e unha do concelleiro do PGD.

Xa que logo, **aprobose a proposta** do expediente con base nos seguintes antecedentes:

O Presuposto Xeral do Concello de Lalín para o exercicio 2012 prevé no Anexo de Investimentos unha serie de proxectos que se financian con cargo á venda de terreos por importe total de 297.853,51 €.

Non obstante, diante a non realización da citada venda de terreos cos que estaba previsto financiar determinados proxectos de investimento previstos no Orzamento municipal para o exercicio 2012, e con base no informe da Interventora municipal e a documentación do expediente, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Declarar a non dispoñibilidade do importe de 297.853,51 € do crédito das seguintes aplicacións orzamentarias do Orzamento municipal para o exercicio 2012:**

<u>Aplicación</u>	<u>Denominación do Proxecto</u>	<u>Importe non dispoñible</u>
132.629.00	Seguridade. Outras inversións novas asociadas ó funcionamento de servizos	1.000,00
151.600.03	Urbanismo. Expropiación de terreos actuacións urbanísticas	10.000,00
151.623.05	Urbanismo. Dotación subministración eléctrica Agro Lalín Arriba	120.000,00
151.625.04	Urbanismo. Mobiliario Parques públicos	5.000,00
151.631.00	Urbanismo. Inversión. Reposición de terreos e bens naturais	2.000,00
151.640.00	Urbanismo. Honorarios redacción de proxectos	20.000,00
155.624.00	Vías Públicas. Material de transporte	3.000,00
171.621.00	Parques e xardíns. Terreos e bens naturais	2.000,00
172.619.00	Protección e mellora do ambiente. Proxecto aforro enerxético	3.000,00
241.1.609.05	Obradoiro de Emprego. Mellora de infraestruturas de uso público	25.000,00
334.632,04	Rehabilitación do Pazo Liñares (achega municipal)	21.853,51
453.629.00	Estradas. Outros investimentos novos funcionamento de servizos	3.000,00
453.639.00	Estradas. Inversión de reposición asociada funcionamento de servizos	3.000,00
459.623.00	Outras infraestruturas. Maquinaria, instalacións técnicas	6.000,00
920.623.00	Administración Xeral. Maquinaria, instalacións e utilidades	10.000,00
920.625.00	Administración Xeral. Mobiliario	40.000,00
920.626.00	Administración Xeral. Equipos de procesos de información	20.000,00
920.640.05	Administración Xeral. Propiedade industrial, patentes, marcas	3.000,00

#### **4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3-P/2012.**

Deuse conta pola Presidencia deste expediente que inclúe a proposta da Alcaldía así como o informe da Intervención Municipal. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio do día 22 de marzo de 2012.

Brevemente o edil delegado de facenda remitiuse ás explicacións dadas xa sobre este expediente no punto anterior.

Non habendo máis intervencións, someteuse a votación ordinaria o expediente, obtívose o seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (trece) dos concelleiros do PP.

Votos en contra: catro (4) dos concelleiros do PSdeG-PSOE.

Abstencións: tres (3), das cales dúas foron dos concelleiros do BNG e unha do concelleiro do PGD.

Xa que logro, **aprobose o expediente** con base nos seguintes antecedentes:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito número 3-P/2012 a financiar con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito extraordinario e suplemento de crédito para facer fronte á execución de investimentos que estaba previsto realizar durante o ano en curso financiados con cargo á venda de terreos, como consecuencia da declaración de indispoñibilidade de créditos que se propón a este Pleno derivada da non realización da venda de parcelas coas que estaba previsto a súa financiación cargo ao Presuposto do exercicio 2012, así como para dotar de crédito a determinadas aplicacións orzamentarias por necesidades novas derivadas, basicamente, da dotación de subministro eléctrico en actuacións urbanísticas ou da adquisicións de equipos de telefonía para as novas dependencias.

Con base na documentación do expediente, tendo en conta a aprobación polo Concello Pleno do expediente de declaración de indispoñibilidade de créditos do orzamento para o exercicio 2012, **o Pleno da Corporación ACORDOU:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación presupostaria nº 3-P/2012, consistente nun Crédito Extraordinario e Suplemento de Crédito, financiado con cargo ó Remanente Líquido de Tesourería, de acordo co seguinte detalle:

1.- Aplicación do Presuposto de Gastos á que se dota de Crédito Extraordinario:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
132.629.00	Seguridade. Outras inversións novas asociadas ao funcionamento dos servizos	1.000,00
151.623.05	Urbanismo. Dotación subministro eléctrico Agro Lalín de Arriba	145.651,94
151.623.06	Urbanismo. Dotación subministro eléctrico actuacións urbanísticas	32,367,20
151.631.00	Urbanismo. Investimento reposición terreos e bens naturais	2.000,00
155.624.00	Vías Públicas. Material de Transporte	3.000,00
171.621.00	Parques e Xardíns. Terreos e bens naturais	2.000,00
172.619.00	Protec. e mellora do Ambiente. Proxecto de Aforro Enerxético	3.000,00
453.629.00	Estradas. Outros investimentos novos asociad. ao funcionam. dos servizos	11.000,00
459.623.00	Outras infraestruturas. Maquinaria, instalac. técnicas e utillaxe	6.000,00
920.623.00	Administración Xeral. Maquinaria, instalacións técnicas e utillaxe	76.080,00
920.625.00	Administración Xeral. Mobiliario	40.000,00
920.626.00	Administración Xeral. Equipos para procesos	20.000,00

920.640.05	da información Administración Xeral. Propiedade industrial, patentes e marcas	3.000,00
------------	---	----------

TOTAL ALTAS .....345.099,14 €

2.- Aplicación do Presuposto de Gastos á que se dota de Suplemento de Crédito:

<u>APLICACIÓN</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
151.600.03	Urbanismo. Expropiación terreos para actuacións urbanísticas	10.000,00
151.625.04	Urbanismo. Mobiliario parques públicos	5.000,00
151.640.00	Urbanismo. Honorarios redacción de proxectos	20.000,00
334.632.04	Prom. Cultural .Rehabilitación Pazo de Liñares	21.853,51
453.639.00	Estradas. Inversión reposición asociado ao funcionamento dos servizos	3.000,00
TOTAL ALTAS .....		59.853,51 €.

3.- Medios ou recursos que van financia-la modificación de crédito:

O Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2011, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos.

Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e o recurso que vai a ser utilizado para o seu financiamento, consérvase o equilibrio presupostario, de conformidade co artigo 16.2 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

**Segundo.-** Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

**Terceiro.-** Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período de información pública non se presentaran reclamacións.

**5.- EXPEDIENTE DE HONRAS E DISTINCIÓNS.**

Este expediente retirouse polo *Sr. Presidente* da sesión, con obxecto de explicarlles el mesmo e persoalmente aos edís da oposición o que se propoñía. Así o dixo.

**6.- MOCIÓNS DO PSDG-PSOE.**

**6.1.- MOCIÓN DO PSDEG-PSOE RELATIVO AO ANO DE “CELSO EMILIO FERREIRO”.-**

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal socialista de 17 de marzo de 2012 presentada no rexistro o día 19 de marzo co núm. 1784. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Políticas Sociais e Actividade Cidadán do día 22 de marzo de 2012.

No debate, o voceiro do grupo socialista, **D. Manuel María González Aller**, lembrou que no Parlamento de Galicia estes días de atrás se aprobou unha proposta por unanimidade de todos os seus membros para declarar o ano 2012 como o ano de *Celso Emilio Ferreiro*, poeta galego. Leou de seguido os tres puntos da moción e indicou que hoxe practicamente case todos os escritores de recoñecido renome en lingua galega contaban cunha rúa en Lalín, salvo algúns, como era o caso de D. Celso Emilio Ferreiro. Entendía que neste poeta de Celanova concorrián méritos dabondo para homenaxealo e para acometer os actos axeitados a este centenario e tamén para dedicarlle unha rúa en Lalín.

O Sr. Alcalde, **D. Xosé Crespo Iglesias** participaba desta postura. Salientou que apoiarían a moción. D. Celso Emilio Ferreiro foi un pregoeiro de luxo que tivo Lalín nunha edición da Feira do Cocido, e coidaba que tiña méritos xustificadas para recibir a homenaxe que se debatía. Non obstante matizou que as partes dispositivas primeira e segunda podían aprobarse agora, e propuxo que a terceira quedase sobre a mesa á espera dunha xuntanza da Comisión Especial sobre o Rueiro, que estaba a realizar este cometido, comprometéndose neste sentido a tratalo na primeira sesión que celebre esta comisión. Rematou afirmando que *D. Celso Emilio Ferreiro* tiña méritos, e gardaba algunha vinculación con Lalín, ao igual que pasaba con *D. Isaac Díaz Pardo*, polo seu labor a favor da obra *o Naranxo* do pintor *Laxeiro*.

O voceiro nacionalista, **D. Xesús Cordeiro Budiño** e o do PGD, **D. Camilo Conde López** adiantaron o seu apoio á moción.

Tras indicar o voceiro socialista **D. Manuel María González Aller** que aceptaba a emenda proposta polo *Sr. Alcalde*, co compromiso asumido de tratar nesa primeira sesión da Comisión Especial do Rueiro que se celebre de poñer este nome a unha rúa, deuse por rematado o debate.

Sometida a votación en votación ordinaria, mediante o sistema de man alzada, **por unanimidade dos asistentes**, que inclúen trece votos do PP, catro do PSdeG-PSOE, dous do BNG e un do PGD, aprobouse a moción socialista coa emenda da Presidencia, **adoptándose o acordo** en base aos seguintes antecedentes:

En outubro do ano pasado, o parlamento de Galicia, por unanimidade dos tres grupos parlamentarios, acordaba declarar o ano 2012 como ano de Celso Emilio Ferreiro, para honrar a súa figura no centenario do seu nacemento. A figura de D. Celso Emilio non só é de transcendental importancia pola súa aportación á cultura, á lingua e á literatura galega, senón tamén polo seu compromiso e a súa loita a prol dos dereitos e liberdades dos galegos en contra de todo tipo de inxustiza social nesa etapa que chegou a denominarse “longa noite de pedra”, como o título do seu poemario.

A Xunta de Galicia organizou unha serie de actividades para difundir e poñer en valor o extraordinario legado de *D. Celso Emilio Ferreiro*, entre elas, a campaña “Vivo na rúa Celso Emilio Ferreiro”, que levará a poesía casa a casa nas rúas de 28 localidades de Galicia que levan o nome do autor (desgraciadamente aínda non é o caso de Lalín), a dotación das bibliotecas coas diversas edicións conmemorativas que van a ver a luz con motivo deste centenario, unha exposición multimedia e itinerante que viaxará durante todo o ano por diversas localidades de toda a comunidade autónoma galega, espectáculos musicais sobre os seus versos, e mesmo actividades educativas para os escolares.



Os socialistas e os demais edís do Concello creemos que o Concello de Lalín debe sumarse a esta homenaxe por suposto solicitando da Xunta que as actividades que organiza por este motivo non deixen de lado a Lalín, pero tamén tomando a iniciativa organizando as súas propias, e sobre todo, outorgándolle o seu nome a unha de tantas rúas do noso pobo que aínda están “sen bautizar”.

Por todo o exposto, **o Concello Pleno ACORDOU:**

Primeiro.- Solicitar e xestionar da Xunta de Galicia a celebración en Lalín dalgunhas das actividades programadas no ano 2012, “ano dedicado a Celso Emilio Ferreiro”.

Segundo.- Elaborar un programa de actividades propio e complementario para contribuír a esa homenaxe e a difundir a súa figura e o seu legado.

## **7.- MOCIÓNS DO BNG.**

### **7.1.- MOCIÓN DO BNG REXEITANDO A REFORMA LABORAL.-**

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo do BNG de data 20 de febreiro de 2012 con entrada no rexistro municipal do día 12 de marzo do mesmo ano e nº de rexistro 1614. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 22 de marzo de 2012.

A instancia do voceiro nacionalista, todos os asistentes e a Presidencia acordaron celebrar o debate conxunto desta moción e o da moción seguinte da orde do día.

Xa no uso da palabra, **D. Xesús Cordeiro Budiño** afirmou que había que rexeitar a reforma laboral aprobada polo goberno central, que supón un recorte considerable dos dereitos laborais dos traballadores, e acaba coa negociación colectiva. Antes da mesma existía unha cobertura para os traballadores e un freo para a patronal. Agora todo isto destruíuse, e pasaron os dereitos ao lado empresarial.

Leou de seguido os fundamentos da moción que supuñan un retroceso sobre dereitos. En concreto que:

- Reduce as indemnizacións por despedimento improcedente case nun terzo, afectando tamén os dereitos consolidados de traballadores e traballadoras contratados hai anos.
- Estende as posibilidades de abaratar os despedimentos, ao ampliar os supostos para poder extinguir contratos laborais por mor de causas obxectivas, en base mesmo a situacións conxunturais dunha empresa e non estruturais.
- Permite a aplicación de medidas de flexibilización interna de xeito unilateral por parte das empresas que favorecerán desde a extensión de regulacións de emprego, pasando pola mobilidade xeográfica forzosa, ata mesmo a imposición obrigatoria de redución de xornadas e salarios.
- Desampara ás persoas traballadoras no caso dos despedimentos colectivos, ao eliminar o control da administración laboral na aprobación dos expedientes de regulación de emprego, obrigando a acudir a un control xudicial, tamén máis limitado.
- Crea un contrato indefinido específico denominado “de apoio aos emprendedores”, máis aplicable ao 99 por 100 de empresas en Galicia, que permite o despedimento libre e gratis total durante o primeiro ano.
- Rompe co sistema de negociación colectiva sectorial e territorial, que beneficiaba ao colectivo de traballadores e traballadoras que desenvolven a súa profesión en actividades análogas ao homologar as condicións de traballo con independencia da empresa concreta onde traballan, deixando en mans da dirección empresarial a devaluación das condicións de traballo reguladas nos convenios de ámbito supraempresarial.

Criticou mesmo a actitude e as verbas da patronal que defenden a supresión dos dereitos adquiridos, e que falan mesmo de que se tiñan que marchar a *Taiwan*.

Desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** salientou que todo o mundo sabía quenes eran os culpables da crise, que agora queren facerlla pagar aos traballadores.

A reforma laboral aprobada supón un atropelo sen precedentes aos dereitos da clase traballadora e unha volta atrás, á situación laboral do século XIX.

Baseábase na redución de salarios, no aumento de horarios laborais que para tentar imitar aos que había en China, e a eliminación a negociación colectiva. Hoxe os únicos que aplaudían esta reforma laboral eran os empresarios.

Insistiu en que supoña retroceder cen anos en dereitos laborais.

Anticipou que seguramente a folga xeral convocada para o día vinte e nove de marzo non será a única que se produza, se o goberno central non cede. Posiblemente non era o momento máis oportuno pola crise na economía que pasabamos. Falábase de aforrar cartos con salarios baixos e con descontos, e mesmo algunhas empresas poderían aforrar cartos coa folga. Estaban a favor da moción.

Desde o PGD, **D. Camilo Conde López** recoñeceu que a reforma laboral non defendía aos traballadores e que a situación actual era delicada. De todos os xeitos afirmou que había que adoptar todas aquelas medidas que deran confianza á economía, e a postura dos sindicatos coa convocatoria da folga non era a máis conveniente. Era partidario de facer estudos e de buscar solucións, porque da crise actual, “todos fomos culpables”.

Esperaba que desta situación ninguén sacase beneficio, pero dixo que “*a rio revolto, ganancia de pescadores*”. Finalizou pedindo unha reflexión sobre como será a vida laboral no futuro e as relacións do futuro. Por todo o anterior absteríase.

Desde o grupo de goberno **D<sup>a</sup>. María José Batán Mouriño**, edil delegada de actividade económica, salientou que o obxectivo que se buscaba coa reforma laboral era que a empresa poida contratar a traballadores, e crear emprego. Por elo introducía medidas de flexibilidade nas relacións laborais, o dereito ao despido, á profundización no dereito laboral, á formación, cun ano de antigüidade, á unha indemnización de trinta e tres días ou de vinte cando se dean as circunstancias. Os traballadores e os empresarios estaban no mesmo barco e no mesmo obxectivo.

Coidaba que a reforma laboral contribuiría a crear emprego estable e de calidade, e este era o seu obxectivo. Non realizaba ningún recorte histórico de dereitos dos traballadores; pola contra introducía flexibilidade nas relacións laborais e aportaba seguridade xurídica, por exemplo nas causas de despido improcedente. Coa reforma garántese unha indemnización de trinta e tres días por ano traballado ou de vinte cando a situación económica da empresa non sexa aconsellable; en suma simplifica, garante e obxectiviza as causas de despido.

Sobre os Eres mantén o procedemento anterior, eliminando a autorización administrativa previa, porque este era un trámite que non existe hoxe case en ningún país de Europa, só en Grecia e en España.

Favorece a realización de contratos indefinidos, unha última opción para romper a traxectoria que hai en España e asimilarse ao que funciona na Unión Europea.

Sobre a folga xeral amosou o seu respecto á mesma, sempre que se cumpra tamén o respecto ao dereito ao traballo que todos teñen para elixir traballar ou non ese día. Avogou porque haxa acordo entre os axentes sociais e se comece a saír da crise económica na que estamos. Lembrou que neste intre había cinco millóns de parados en España e máis dun millón e medio de persoas sen ingresos de ningunha clase.

De novo desde BNG, **D. Xesús Cordeiro Budiño** sinalou que tras escoitar á edil delegada coidaba que defendía o indefendible.

Os argumentos que empregou caían polo seu propio peso. Reiterou que a reforma aprobada supoña acabar coa negociación colectiva, e con moitos dos dereitos dos traballadores que ata

hoxe tiñan, retrocedéndose neste eido como nunca pasou. Criticou a falta de debate e de reunións entre os sindicatos e o goberno.

A el dáballe a impresión, logo de escoitar as verbas da concelleira delegada, que todo isto da crise económica o crearon os traballadores.

Con esta reforma o PP sacaba a flote e aprobaba o que pedía a patronal. Introducía o despido máis brutal, as baixas laborais eran, mesmo as xustificadas, causas de despido, e por suposto as que queden demostradas, e recortaba moitos outros dereitos. O despido improcedente, non é como dicía a dita edil, senón ao revés. En resumo os traballadores con esta reforma perdían moitos dereitos. Os tres sindicatos apoiaban a folga, e esperaba que fose un éxito.

Tamén desde o grupo socialista **D. Manuel María González Aller** dixo non entender o que dicía a voceira, porque a reforma laboral atacaba a todos os dereitos dos traballadores e impedía a estes ter uns salarios dignos.

Ignoraba, aludindo ás verbas do edil do PGD, como sería o futuro das relacións laborais.

Pensaba que esta reforma non serviría para crear emprego, senón para destruílo; ao cabo de cen días do goberno central o resultado era este: falábase de despido e non abundaba nas relacións laborais, nin beneficiaba aos traballadores; pola contra a reforma laboral aprobada si que beneficiaba aos empresarios.

Reiterouse no xa dito **D. Camilo Conde López**, afirmando que era partidario de adoptar posturas construtivas fronte á crise que reactiven a economía. Sobre as medidas recollidas na reforma laboral tiña as súas dúbidas, pero non estaba de acordo coa convocatoria de folga xeral plantexada. Non apoiaría a moción, pero tampouco votaría en contra. Absteríase.

Finalizou o debate **D<sup>a</sup>. María José Batán Mouriño** polo grupo de goberno. Dixo que si que houbo reunións entre os sindicatos e os traballadores.

Cualificou a reforma aprobada como valente e apropiada para a situación na que estabamos.

Esperaba que a folga xeral se celebrase tamén con respecto ao dereito ao traballo polos traballadores que o desexen.

Coidaba que foi anterior goberno do PSOE o que aprobou outras reformas laborais que levaron ao país a estas taxas de paro máis elevadas: daquela os sindicatos non protestaron.

Coidaba que, si se quería atallar esta situación para levar a España á creación emprego sostible, como o resto dos países europeos, era necesario realizar reformas profundas. Lembrou que os socios, os países da Unión Europea, apoiaban esta reforma laboral e así expresárono publicamente. Por todo o dito votarían negativamente ás dúas mocións.

*Na moción pedíase; primeiro que o Pleno manifeste o rexeitamento da Corporación Municipal á reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro, instando ao Goberno central a proceder a derogación da dita norma; acometer unha mellora das relacións laborais, en base ao consenso e negociación cos representantes sindicais que protexa ás persoas traballadores fronte á precariedade laboral e inclúa estímulos reais para a xeración de emprego de xeito inmediato, e en segundo lugar comunicar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Congreso de Deputados e Parlamento de Galicia, Presidente do Goberno do Estado e Presidente da Xunta de Galicia.*

Sometida a votación ordinaria a moción a man alzada, obtívose o seguinte resultado:

**Votos a favor:** seis (6) dos que catro foron dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous concelleiros do BNG .

**Votos en contra:** 13 (trece) dos concelleiros do PP.

**Abstencións:** unha (1) do concelleiro do PGD.

**En consecuencia quedou rexeitada a moción.**

## **7.-2.- MOCIÓN DO BNG RECABANDO O APOIO Á XORNADA DO 29 DE MARZO DE**

## **2012 DE FOLGA XERAL.-**

Deuse conta pola Presidencia desta moción do grupo municipal do BNG de data 14 de marzo deste ano con entrada no rexistro municipal o mesmo día co nº 1717. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ditame desfavorable da Comisión Informativa de Relacións Institucionais, Seguridade e Saúde Pública do día 22 de marzo de 2012.

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente co do punto anterior da presente orde do día.

*Na moción pedíase que o Pleno manifeste o apoio ás mobilización e á folga xeral convocada para o 29 de marzo de 2012 polas organizacións sindicais representativas en contra da reforma laboral aprobada polo Real Decreto 3/2012, do 10 de febreiro.*

Sometida a moción a votación ordinaria polo sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

**Votos a favor:** seis (6) dos que catro foron dos concelleiros do PSdeG-PSOE e dous dos concelleiros do BNG .

**Votos en contra:** 13 (trece) dos concelleiros do PP.

**Abstencións:** unha (1) do concelleiro do PGD.

**En consecuencia quedou rexeitada a moción.**

## **8.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

PSDEG-PSOE.

D. Manuel María González Aller.

En relación coa zona da Cidade Xardin:

1.- PREGUNTA.- Unha rúa que sae da beirarrúa da rúa Camelias á dereita: ¿é publica ou privada?

2.- PREGUNTA.- ¿Pode actuar o Concello nesta rúa, no suposto de que sexa de propiedade privada?.

3.- PREGUNTA.- ¿Quen deu a orde de facer as obras? ¿Quen vai pagalas, o asfaltado e a poda das árbores?

*Respondeu D. Camilo González Bodaño ás tres preguntas anteriores. Dixo que esa entrada polo menos a utilizaban uns cantos veciños. Dixo que a obra arrancaba de que o Concellou cambiou o alcantarillado, levantouse todo, houbo derrame, e logo houbo que meter o tubo, para deixalo ben arranxando.*

4.- PREGUNTA.- D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez preguntou se isto cambiaba o Plan Xeral.

**D. Camilo González Bodaño dixo que nesa rúa meteuse o alcantarillado, e houbo que**

facen obras. Furouse arriba do lugar, cambiouse o alcantarillado, e actuouse na rúa e nas árbores, pola que entraban cinco veciños. Pola dereita os donos dun chalet e o seguinte entraba por arriba; pola esquerda a Sr<sup>a</sup>. Digna entraba e saía. Houbo que actuar e meter o alcantarillado ata a curva. A partir de aí non se actuou, e coidaba que había que facer de novo case todo. A obra estaba metida no Plan E.

5.- PREGUNTA.- ¿Por qué rematou na curva a dita obra?

De novo **D. Camilo González Bodaño** afirmou que no proxecto só estaba metida ata esa curva, e desde aí en adiante había que reformar todo. Por iso non se meteu.

Tamén falou **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmando que o mesmo que en calquera rúa, actuábase onde había o problema e non en todo.

D. J.A. Cristóbal Fernández Vázquez e D. Manuel González Aller.

“En relación coa situación da urbanización da AR-33 de Feás, despois de quedar en evidencia no pleno ordinario anterior do mes de febreiro a desastrosa actuación do goberno municipal e en concreto do concelleiro de urbanismo, e sen prexuízo doutras iniciativas que poidamos levar a cabo dentro do ámbito municipal ou, no seu caso, a outros niveis, se non se acada a solución definitiva a curto prazo, fórmulanse os seguintes rogos:

1º. ROGO.- Que o grupo de goberno de as instrucións oportunas para que se lle devolva ós veciños do AR-33 todo o diñeiro indebidamente cobrado polo recibo da recollida de lixo (cobróuselle como se tivesen servizo urbano cando a recollida era a dunha zona rural), e se lle regularice de inmediato dito cobro adecuándoo ó servizo realmente prestado.

**O Sr. Presidente quedou enterado.**

2º. ROGO.- Que se inicie con carácter urgente a conexión da AR-33 coa rúa 4 que o concello tiña que levar a cabo en virtude do convenio urbanístico de execución do planeamento para a conexión da área de reparto 33 (AR-33) cos servizos existentes, asinado polo concelleiro de urbanismo o 2 de novembro de 2003, incumprido sen ningunha xustificación.

**O Sr. Presidente quedou enterado.**

D. Cristobal Fernández Vázquez.

En escrito de data 26 de marzo de 2012, reitera as seguintes preguntas en relación coa **SITUACIÓN DA URBANIZACIÓN DA AR-33 EN FEÁS** (Pleno 26/03/2012), xa que considera que non non houbo respostas ás mesmas:

**Primeiro grupo de preguntas:**

O 02/12/2003 o concello e a empresa Guerra Lalín S.L. asinan un **convenio urbanístico de execución do planeamento para a conexión da área de reparto 33 (AR-33) das do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Lalín cos servizos existentes, ó que se achega como anexo a valoración da monetarización do 10% do aproveitamento lucrativo que lle corresponde ao Concello.** Neste convenio basicamente acórdase o seguinte:

ESTIPULACIÓNS:

- 1.- O Concello fai a conexión do viario da AR-33 coa rúa 4.
- 2.- Guerra S.L. paga o 50% do custo dos terreos para ampliar a 12 metros lineais o ancho

de dito viario e asume o custo total da súa urbanización cun máximo de 55.407,50 €. O Concello poderá repercutir sobre o resto dos propietarios lindeiros a porcentaxe que estime oportuno do restante 50%, sempre que lles supoña un beneficio, entendéndose para tódolos efectos que a AR-33 é un propietario máis que sufraga o 50% nun hipotético mmm de imposición de contribucións especiais, no caso contrario sufragarao o Concello con cargo aos presupostos municipais.

3.- Acordan a **monetarización do aproveitamento urbanístico valorado en 60.634,06 €.**

**En relación con este convenio fórmulanse as seguintes preguntas:**

a) ¿Cumpriu o Concello co seu compromiso estipulado no punto 1 do convenio de facer a conexión da rúa da AR-33 coa rúa 4?. En caso negativo, explíquese: ¿por qué non se fixo e que consecuencias tivo para os actuais veciños desa área de reparto?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

b) ¿Cumpriu a empresa co seu compromiso estipulado no punto 2 do convenio de pagar o custo do 50% dos terreos necesarios para ampliar a rúa da AR-33 a 12 metros e asumir o custo total da súa urbanización?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

c) ¿En qué data recibiu o concello esta rúa? En caso de que non fose recibida: ¿Cales son os motivos polos que non se recibiu e cando se pensa recibir?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

d) ¿Considera vostede normal que os veciños estean pagando a luz pública desta rúa?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

e) ¿Considera Vde. normal que os veciños estean pagando o custo do consumo eléctrico do pozo de bombeo do saneamento de dita rúa, cando lle están pagando ao Concello a taxa da rede de sumidoiros (saneamento)?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

f) ¿Existe recollida de lixo nesta rúa?. En caso afirmativo: ¿que importe se lle cobra por trimestre ós veciños, e con que frecuencia se lles recolle o lixo?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

g) Os 14 chalés construídos na AR-33 foron vendidos por un importe total que superou amplamente os tres millóns de euros, mentres que a monetarización do aproveitamento urbanístico naqueles momentos tan álxidos da construción foi fixada en 60.634,06 €. ¿Non cree vostede que esa cantidade é moi pequena por non dicir case ridícula?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

h) No informe do técnico municipal sobre este convenio afirmase textualmente que “O presente informe deberá acompañarse do correspondente informe xurídico”, pero ese informe xurídico non aparece por ningunha parte do expediente. ¿Elabórese dito informe? Explíquese onde está ou por qué non se elaborou.

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

## **Segundo Grupo de preguntas:**

Neste mesmo informe citado do técnico municipal xa se advirte que **“o entorno non conta con tódolos servizos urbanísticos e existen dificultades para a conexión do alcantarillado, que posiblemente terá que facerse por bombeo.** Posteriormente (31 de maio de 2004) preséntase o Proxecto de Urbanización da Área de Reparto 33; infórmase polos técnicos municipais, apróbase inicialmente pola Xunta de Goberno Local; e apróbase definitivamente o 7 de setembro de 2004. Máis adiante solicítanse as licenzas de construción dos chalés, con toda a tramitación administrativa de informes e aprobacións; finalmente concédense por parte do Concello as licenzas de primeira ocupación.

A pesar de toda esta longa tramitación administrativa, con múltiples informes e suponse que controis e visitas ás obras, o resultado é o desaguizado seguinte:

- A urbanización carece dun servizo urbanístico tan básico como imprescindible para poder construír legalmente e sobre todo poder ter licenza de primeira ocupación, como é a luz eléctrica.

- O viario principal desta AR-33 non ten a conexión prevista co viario preexistente (rúa 4), porque o concello non a materializou a pesar do seu compromiso por escrito, e hai que acceder a ela por unha pista rural.

- Dito viario principal está nun auténtico limbo xurídico pois teoricamente debería ser de titularidade pública, pero os servizos desa rúa están asumidos en parte, xa nin sequera pola xunta de compensación, senón polos propietarios das casas que loxicamente nada tiveron que ver no proceso de desenvolvemento da AR-33.

- A pesar do anterior, o Concello está cobrando aos veciños os recibos da auga, saneamento, recollida de lixo e, por suposto, o IBI, como se se tratase dunha rúa en situación normal de legalidade.

- A recollida do lixo só se fai unha vez á semana, como se se tratase dunha zona rural, e non dispoñen de contedores de vidro e papel.

Pois ben, ante esta situación máis propia dun concello dun país bananeiro, á que nunca se debería haber chegado se houberse un goberno local minimamente responsable e eficaz, hai unha absoluta incapacidade para solucionarla, e só se dan mínimos e tímidos pasos cando hai presións por parte dos veciños ou -como neste caso- por iniciativas por parte da oposición como foron solicitar no seu día o acceso ao expediente e agora a solicitude de comparecencia.

### **As preguntas que se formulan son as seguintes:**

**a)** ¿Considera vostede que a actuación do departamento de urbanismo do Concello de Lalín que vostede dirixe foi a correcta en todo este proceso?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

**b)** ¿A quen considera vostede responsable ou responsables por parte do Concello desta situación?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

**c)** ¿Vai asumir Vde. responsabilidades políticas ou vai a botarlle a culpa aos técnicos que xa no ano 2003 lle advertían que non existían os servizos urbanísticos no entorno?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

**d)** ¿Como se pode explicar que o Concello, sendo o máximo responsable por acción ou omisión da situación na que se atopa esta urbanización, deixe tirados e indefensos a estes veciños?

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

e) ¿Como pode explicar que os veciños teñan que pagar o alumeado da rúa, o bombeo do saneamento e unha recollida do lixo con tarifas urbanas pero servizo rural, que non teñan luz eléctrica regularizada e que a rúa da súa urbanización non teña a conexión prevista e adecuada co resto da trama urbana de Lalín?

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

E sobre todo e despois desta realidade aquí descrita:

f) ¿Como pode entenderse que na Xunta de Goberno Local do 25 de marzo de 2011, e **a proposta de Vde.**, se acorde **a devolución á empresa dos 53.407,50 € do aval** bancario que tiña constituído para responder ás obrigas do convenio urbanístico, en concreto **para a urbanización do viario principal da urbanización?**

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

E para rematar, a pregunta que seguramente máis desexamos ver axeitadamente contestada os concelleiros do Grupo Socialista, pero especialmente os veciños afectados:

g) ¿Pode dar unha data aproximada de cando se vai resolver definitivamente cada un dos problemas concretos que se citan a continuación?:

- **Execución da conexión do viario principal da urbanización coa rúa 4 que tiña que facer o Concello e que converte a esta zona de Feás nunha “illa urbana” pola desconexión co resto da trama urbana do casco de Lalín.**

- **Asunción por parte do Concello do pago do alumeado público de dito viario.**

- **Asunción por parte do Concello do pago do consumo eléctrico do pozo de bombeo do seu saneamento.**

- **Recepción real e efectiva deste viario.**

- **Dotación do servizo de luz eléctrica en condicións “normais” de calidade e legalidade.**

- **Dotación do servizo de recollida do lixo nas mesmas condicións que calquera outra zona do casco urbano de Lalín (na actualidade só un día á semana e sen recollida selectiva).**

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

D<sup>a</sup>. Beatriz García Iglesias

Reitera as seguintes preguntas que formulou na sesión plenaria anterior e considera non foron respondidas

1.- En relación á II<sup>a</sup> Edición de “*EmporcArte*” e ao feito de que este ano, por motivos non precisamente artísticos, fosen censuradas dúas obras participantes: a de *Manu Miné* totalmente e a de *Javier Hita* parcialmente.

1.1.-PREGUNTA.- ¿Quén é o responsable último da toma da decisión da censura?

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

1.2.-PREGUNTA.- ¿Cales son as diferencias que encontra o responsable para a censura total ou parcial dunha obra artística?



**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

1.3.-PREGUNTA.- ¿Cal foi a forma de comunicación da censura aos autores, e con canto tempo de antelación se lles comunicou?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

1.4.- PREGUNTA.- ¿Tense pensado para próximas edicións contar con membros eclesiásticos no Xurado para a recepción de obras artísticas co fin de evitar futuras censuras, ou se porá nas bases que non se acepta arte sacro?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

2.- En relación ao feito de que hai máis dun ano preguntábase ao Pleno da corporación anterior se coñecía o estado lamentable de conservación no que se atopaba a obra de *Willy*, contestando no momento o Sr. Alcalde que persoalmente se encontraba en negociacións coa familia do artista e que en breve chegarían a un acordo. Sen embargo, nese día a prensa recollía a fallida promesa por parte do Concello de participar na rehabilitación das obras de *Willy*.

2.1.-PREGUNTA.- ¿É definitiva a decisión de non financiamento para a rehabilitación da obra artística de *Willy*?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

2.2.-PREGUNTA.- ¿Non pensa o Concello que, posteriormente, unha vez que estean rematadas as obras, vaise verse beneficiado con algunha recepción das mesmas?. ¿Non é esta razón suficiente para que reconsidere a posibilidade de realizar unha achega económica para a restauración das esculturas e demais obras do legado artístico de *Willy, escultor de Lalín falecido hai uns anos*?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

3.- Ao Sr. Concelleiro de Medio Ambiente en relación á Ordenanza Municipal de Medio Ambiente:

3.1. PREGUNTA.-¿En qué punto se atopa a Ordenanza Municipal de Medio Ambiente?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

4.- Con respecto ao Plan de Aforro Enerxético:

4.1. PREGUNTA.-¿Está rematado?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

4.2. PREGUNTA.- ¿Quén é o encargado da súa aplicación?

**O Sr. Presidente manifestou que respondería por escrito.**

D. Manuel María González Aller

Reitera as seguintes preguntas en relación, coa situación da urbanización da AR-23 en Penacoba, que foron presentadas por escrito na sesión plenaria anterior e considera que non houbo respostas da Presidencia:

*Como representante do Concello de Lalín na Xunta de Compensación da AR-23 correspóndalle a vostede asesorar da política urbanística municipal e tutelar a Xunta de Compensación e todo o necesario. Á vista dos problemas que teñen os veciños de Penacoba por falta de conexión ás redes, fórmulanse as seguintes preguntas:*

1.- *¿Asistiu vostede ás reunións da Xunta de Compensación?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

2.- *¿Asesorou correctamente á Xunta de Compensación da política urbanística municipal?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

3.- *¿Tutelou á Xunta de Compensación para que non incorrera en incumprimento dos seus deberes ou en infraccións?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

4.- *¿Como explica vostede que existan tantas irregularidades?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

5.- *O 4 de abril de 2005 o Presidente da Xunta de Compensación solicitou coñecer a cantidade que tiña que depositar ou avalar para facer fronte aos compromisos de afrontar os gastos para a conexión das redes, indicándoselle que o importe do aval era de 55.407 € que foron depositados en Intervención. O 30 de agosto de 2006 comunicoulle a Xunta de Compensación que o custe das obras ascendía a 33.454 €, devolvéndoselle o resto da cantidade depositada en aval:*

*¿Como se procedeu á devolución do aval cando estaban sen acometer as conexións ás redes?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

6.- *O 11 de setembro de 2007 o presidente da Xunta de Compensación presentou o final de obra da urbanización da AR-23 solicitando os avais depositados, o 10 de decembro de 2007 o técnico municipal informa desfavorablemente pola falta de autorización administrativa e alta de posta en marcha da Consellería de Industria das instalacións de electrificación. Neste intre vostede coñecía que a urbanización de Penacoba carecía das instalacións pertinentes:*

*¿Por que se recepcionaron as obras?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

A continuación formulou un segundo bloque de preguntas en nome dos veciños de Penacoba.

1.- *¿Quen forma parte da Xunta de Compensación?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

2.- *¿Quen é responsable do Concello na Xunta de Compensación?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

3.- *¿Como non detectou o Concello que as casas non estaban dotadas dos servizos básicos e concederon as licenzas de primeira ocupación?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

4.- *¿Están as farolas do alumado público da urbanización Penacoba enganchadas á luz de obra?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

5.- *¿Por que non se lles fixo caso ás distintas reclamacións que formularon os veciños ao Concelleiro de Urbanismo nas distintas reunións e conversacións que mantiveron con eles?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

6.- *¿É certo que o Concello lles dixo aos veciños de Penacoba que a mellor solución era que eles asumiran o custo do transformador?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

7.- *¿Quen é pedáneo de Lalín de Arriba?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

8.- *¿Ten algunha vinculación coas vivendas da urbanización Penacoba?*

**O Sr. Presidente** manifestou que respondería por escrito.

D. Manuel María González Aller.

PREGUNTA- *¿É certo que os promotores desta proba ocupaban os solares e terreos privados e os valaron sen pedirles autorización a eles?.*

Respondeu **D. Xosé Crespo Iglesias** dicindo que non o sabía, pero supuña que si deberan pedilo. Salientou que esta proba deixaba bastantes cartos na vila, na hostalería de aquí e na comarca, sinalando que hostais e restaurantes estaban cheos ese fin de semana da proba, e na restauración da vila tamén se notou.

P.G.D.

D. Camilo Cónde López.

“En relación ó **Rallie do Cocido**, segundo teño entendido a reposición dos danos nos viais e demais zonas próximas acometeraos a empresa organizadora, inda que ó custo será sumido polas compañías de seguro.

ROGO.- Pide que se reparen os citados danos o máis pronto posible, Iso é o que demandan os veciños afectados.

**O Sr. Presidente quedou enterado.**

E, sendo as once horas e trinta e sete minutos do mesmo día onde comezou, non habendo outros asuntos que trataren e no mesmo lugar, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario e fedatario público dou fe.

Vº e Prace  
O Alcalde-Presidente